

ANUNCIO DE PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Arzúa.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: " Servizo de organización de actividades deportivas".

b) Nomenclatura: CPV-2008:92600000-7

c) Lugar de execución: Arzúa.

d) Prazo de execución: 2 anos (podendo prorrogarse por dous períodos anuais).

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto.

c) Forma: Varios criterios de valoración.

4.Orzamento:

a) Orzamento de licitación: 30.148,76 € + 6.331,24€ (21% de IVE)= 36.480 €, coa distribución de anualidades establecida no prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 5ª).

b) Revisión de prezos: Non procede

5. Garantías:

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Departamento de Secretaría do Concello e no perfil do contratante www.concellodearzua.org

b) Domicilio: rúa Santiago, nº 2.

c) Localidade e código postal: Arzúa -15810.

d) Teléfono: 981 500 000 – 981 815 001.

e) Telefax: 981 500 914.

f) Data límite de obtención de documentos e información: Ata as 14:00 horas do día en que remate o prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación: Non se esixe

b) Acreditación solvencia económica e financeira, solvencia técnica e profesional: polos medios sinalados na cláusula 16ª nº 4 apartados a) e b) do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Criterios de adxudicación: para ser valorados na forma indicada na cláusula 12ª do prego:

I) Criterios de valoración avaliados mediante xuízos de valor:

a) Memoria técnica.....ata 20 puntos

II) Criterios de valoración avaliados de forma automática mediante aplicación de fórmulas:

b) Oferta económica.....ata 60 puntos.

c) Melloras ofertadas.....ata 20 puntos.

- Cursos que completen a oferta deportiva municipal....ata 10 puntos.

- Melloras sobre equipamento deportivo.....ata 10 puntos.

9. Presentación das ofertas:

a) Data límite de presentación: 15 días, a contar dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no último dos boletíns en que apareza (DOGA ou BOP).

b) Documentación a presentar: A especificada na cláusula 11ª nº 3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello.

10. Apertura das ofertas:

A Mesa de Contratación, ás 10.00 horas do terceiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das proposicións (*se coincidise en sábado, trasladarase a apertura ao seguinte día hábil*), abrirá a documentación presentada nos "SOBRES A". As datas de apertura -en acto público- dos sobres B e C anunciaranse previamente no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil de contratante nos termos sinalados no correspondente prego de cláusulas administrativas.

11. Gastos de publicación dos anuncios de licitación: Serán por conta do adxudicatario, ata un importe máximo de 1.500 euros.

Arzúa, 23 de marzo de 2016.

O alcalde

Asdo.: José Luis García López